



RESOLUCION POLA QUE SE ELEVAN A DEFINITIVAS AS PUNTUACIONS PROVISIONAIS DA CONVOCATORIA DO POSTO DE XEFE DE DIVISION DE INNOVACION TECNOLÓXICA E DAS TELECOMUNICACIONS E SE CONVOCA O INICIO DA 2º FASE.

A comisión de valoración nomeada mediante Resolución do director do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) de data 2 de xullo de 2020, segundo a convocatoria para o posto de Xefe de División de Innovación Tecnolóxica e das Telecomunicacións, unha vez feita a reunión constitutiva no día 2 de xullo de 2020, procedeu a analizar a documentación presentada polo aspirante, e realizou a valoración da Fase 1 da convocatoria, publicando nesa mesma data a relación de puntuacións provisionais.

Vista a proposta da Comisión de Valoración unha vez rematado o prazo de 3 días hábiles para realizar reclamacións sen que se houbera presentado ningunha,

RESOLVO

Primeiro. Elevar a definitiva a puntuación provisional da convocatoria do posto de xefe de División de innovación Tecnolóxica e das Telecomunicacións, resultando a seguinte:

PUNTUACION TOTAL FASE 1

Aspirante: RICARDO PORTABALES DOBAÑO

Punto 1.1 Méritos	40
Punto 1.2 Plan de actuación da unidade operacións	50
TOTAL PUNTUACION FASE 1	90

Segundo. Convocar ao aspirante Ricardo Portabales Dobaño, para a celebración da 2º Fase do proceso de selección que consistirá na defensa do plan de actuación ante a Comisións de Valoración e que se vai celebrar o día 9 de xullo de 2020 ás 9:00 horas no CIXTEC.

En Santiago de Compostela

O Director do CIXTEC

Asdo: Victor Coladas Bilbao

